

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2025/15	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	25 de abril de 2025
Duración	Dende as 14:32 ata as 14:58 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Paula M ^a Fernández Pena
Secretaria	Déborah García Suárez
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN

Nome e Apelidos	Asiste
Estefanía Taín Surribas	SÍ
Manuel Requeijo Rey	SÍ
María Asunción García Hernández	NON
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, a Presidenta abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior: 22.04.2025

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 22 de abril de 2025.

Expediente 678/2025. Solicitud de Axuda de Emerxencia Social

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da traballadora social con data 24 de abril, no que se pon de manifesto a necesidade de prestar apoio económico a unha familia usuaria de Servizos Sociais residente no noso concello que se atopa en situación de vulnerabilidade social e solicita o apoio económico para sufragar o custo da adquisición de produtos básicos de alimentación.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda na adquisición de produtos básicos de alimentación.

Segundo.- Aprobar o pago delegado, con cargo á aplicación presupostaria correspondente, a:

- Vego Supermercados S.A.U. con número de factura 04000006 e importe 59,96€

Terceiro.- Comunicar á persoa interesada a concesión da axuda.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 582/2025. Comunicación de Telefónica de compromiso de abandono do inmovible municipal da Casa da Xuventude.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Con data 23 de maio de 2025, Telefónica de España S.A.U. (TdE) remitiu ao Concello de Silleda unha comunicación oficial, asinada pola súa xefa de Xestión Patrimonial, na que manifesta o seu compromiso formal de abandonar o inmovible municipal situado na rúa Trasdeza nº 90 (Casa da Xuventude), actualmente ocupado pola central telefónica da compañía (CLG: 360403428).

Este acordo responde ás xestións realizadas polo Concello co obxectivo de recuperar o espazo ocupado, situado no patio central da Casa da Xuventude, co fin de poder acometer a ampliación e mellora da mesma.

No citado escrito, Telefónica manifiesta o seu compromiso de levar a cabo todos os traballos necesarios para o desmantelamento da central e o abandono do inmovible ao longo do ano 2025, garantindo en todo momento a continuidade e seguridade do servizo prestado á cidadanía. Así mesmo, a empresa reserva a posibilidade de solicitar, de xeito excepcional e xustificado, un máximo de tres prórrogas mensuais adicionais, en función da complexidade técnica do proceso.

INSIRESE A CONTINUACIÓN O CONTIDO LITERAL DO ESCRITO RECIBIDO DE TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. DE DATA 23 DE MAIO DE 2025:

“ASUNTO: Central telefónica Silleda (CLG: 360403428)

Muy Sra. Mía:

*D. Cristina Ruiz Rubio con DNI ***162***, como jefe de gestión Patrimonial de TELEFÓNICA DE ESPAÑA SAU (en adelante, TdE), con domicilio a efectos de notificaciones en el Distrito Telefónica S/N Plaza Este 2 Planta Cuarta (28050) Madrid, por orden de TdE con N I F n ° A-82018474, con el debido respeto y consideración a Ud.*

EXPONE

- Que en el año 2015, el Ayuntamiento de Silleda (arrendadora) y TdE (arrendataria) firmaron un contrato de arrendamiento de un local sito en la calle Trasdea nº 90 de Silleda, para su uso y explotación por parte de la arrendataria como central telefónica.*
- Que la central telefónica de TdE actualmente ofrece servicio telefónico a Silleda y alrededores.*
- Que el Ayuntamiento de Silleda nos ha manifestado su intención de recuperar el inmueble.*

MANIFIESTA

- Que, teniendo en cuenta las características técnico-funcionales de la central telefónica de Silleda y en particular, a los equipos instalados dentro de la misma, se precisa de un periodo que permita el cierre ordenado de la central sin perjudicar el servicio prestado a la comunidad local del citado municipio y alrededores.*
- Que, por medio del presente escrito y asumiendo sus mejores esfuerzos, TdE expresa su firme compromiso de realizar todos los trabajos necesarios para abandonar el inmueble referido en el transcurso del año 2025.*
- No obstante, debido a la complejidad que lleva aparejada la actividad de desmantelamiento de una central de las características técnico-funcionales de la presente en el corto plazo comprometido, sin que ello suponga merma o interrupción del servicio prestado y en aras de dar estricto cumplimiento a los requisitos de seguridad necesarios a tal fin, nos reservamos la posibilidad de solicitar, de forma excepcional y con carácter adicional, la aplicación de un máximo de tres prórrogas mensuales consecutivas.*

Agradeciendo de antemano su atención, y a la espera de sus prontas noticias, atentamente le saluda:

Concello de Silleda

Firmado por ***1627** CRISTINA RUIZ (R:
****1847*) el día 23/04/2025 con un
certificado emitido por AC CAMERFIRMA
FOR NATURAL PERSONS -2016"

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO.– Quedar enterada da recepción da comunicación oficial de Telefónica de España S.A.U., na que se compromete a abandonar o inmovible municipal ocupado na Casa da Xuventude durante o ano 2025.

SEGUNDO.– Informar que esta actuación permitirá avanzar na redacción do proxecto de reforma e ampliación da biblioteca municipal, así como na planificación conxunta da futura Casa da Cultura no antigo edificio consistorial.

TERCEIRO.– Incorporar esta documentación ao expediente municipal correspondente e continuar coas actuacións necesarias para a recuperación e posta en valor do espazo público afectado.

Expediente 416/2025. CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O CONCELLO DE SILLEDA E A ENTIDADE “ASOCIACIÓN CULTURAL O CRUCEIRO” PARA O ANO 2025

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a labor que realiza a “ASOCIACIÓN CULTURAL O CRUCEIRO” (comisión de Festas da Parroquia de Breixa).

Visto que a entidade volve a organizar este ano 2025 a Festa da Castaña de Breixa, que cumpre 24 anos.

Visto o necesario apoio do Concello de Silleda a este tipo de iniciativas, para a promoción e difusión da gastronomía, cultura e turismo do municipio.

Vista a modificación do anexo de subvencións nominativas que foi publicado no BOP de Pontevedra nº 30 do 13 de febreiro de 2025.

Visto que transcorrido o prazo de 15 días da aprobación inicial non se presentaron alegacións e o acordo se aprobou definitivamente.

Visto o informe favorable do persoal funcionario do departamento municipal de Cultura, Turismo, Deporte e Participación.

Visto o convenio proposto que se transcribe a continuación:

Concello de Silleda

**“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SILLEDA E A ENTIDADE
“ASOCIACIÓN CULTURAL O CRUCEIRO” PARA O ANO 2025**

En Silleda, na data da sinatura electrónica

REUNIDOS

*Dunha parte, D^a . **Paula María Fernández Pena**, actuando como Alcaldesa-Presidenta no seu nome e en representación do **Concello de Silleda**, con CIF 3605200-I.*

*Doutra parte, D^a **Ángel Fares González**, con D.N.I. nº ***081***, como representante legal e en calidade de Presidente da entidade **Asociación Cultural O Cruceiro** , con CIF G-36018935.*

Dando fe do acto, a Secretaria Xeral da Corporación, Déborah García Suárez.

Todas as partes recoñécense mutuamente, na calidade na que interveñen, con capacidade e competencia suficiente para o outorgamento do presente Convenio de Colaboración e,

EXPOÑEN

I) Que as Entidades Locais, en canto Administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con entidades privadas.

II) Que no artigo 22.2.a) da Lei 28/2003, xeral de subvencións recóllese a posibilidade de concesión de forma directa das subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais.

III) Que no artigo 28 da Lei 38/2003, xeral de subvencións configúrase o Convenio como instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais.

En base a todo o que se acaba de expoñer subscríbese o presente Convenio de Colaboración coas seguintes

CLÁUSULAS

PRELIMINAR: *A entidade beneficiara da subvención acompaña no momento da firma do presente convenio a seguinte documentación:*

- NIF/CIF da entidade ou asociación beneficiaria ou NIF das persoas a nome das cales se apertura a conta corrente na que se situarán os fondos, de ser o caso (Cláusula terceira).

-Declaración responsable de atoparse ao corrente coas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

-Declaración responsable de non estar en ningún suposto de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de subvencións ou axudas públicas.

-Designación de número de conta bancaria.

PRIMEIRA: Que a finalidade do presente Convenio é a regulación do outorgamento dunha subvención nominativa.

SEGUNDA: Que a actividade subvencionada consiste nas actividades relacionadas coa FESTA DA CASTAÑA DE BREIXA.

TERCEIRA: O Concello de Silleda comprométese a aportar a cantidade de 400,00 € con carácter prepagable, debendo inescusablemente xustificarse con posterioridade nos termos que se especifican máis adiante no presente Convenio. Esta cantidade será abonada nunha conta aberta nunha entidade financeira a nome da entidade/asociación beneficiaria. Cando por razóns de índole técnica, administrativa ou outras debidamente xustificadas a apertura da devandita conta sexa imposible, poderá abonarse a cantidade nunha conta bancaria aberta ó efecto como mínimo por dous membros da Entidade beneficiaria.

CUARTA: O presente Convenio de colaboración terá vixencia ata o remate de todo o procedemento de fiscalización da xustificación da aplicación dos fondos percibidos en concepto de subvención e a aprobación da conta xustificativa presentada pola entidade beneficiaria.

QUINTA: Gastos subvencionables: Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada (definida na cláusula segunda deste convenio), e que se realicen no prazo establecido.

SEXTA: Segundo o establecido no artigo 31.2 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, entenderase gasto realizado o que fose efectivamente pagado pola entidade beneficiaria da subvención con anterioridade á finalización de período de xustificación.

SÉTIMA: Son obrigas dos beneficiarios:

1.- Realizar as actividades para as que se concede a subvención.

2.- Só serán subvencionables as actividades realizadas en galego, tanto oral como escrito, segundo o disposto na lexislación vixente (disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, e Decreto 173/1982, do 17 de novembro), e nas normas ortográficas e morfolóxicas aprobadas pola Real Academia Galega na sesión plenaria do día 12 de xullo de 2003). Os proxectos subvencionables respectarán rigorosamente a toponimia oficial de acordo co preceptuado no artigo 10 da citada Lei 3/1983, o 15 de xuño, de normalización lingüística.

3.- Dar unha adecuada publicidade á actividade indicando que a actividade subvencionada conta co financiamento do Concello de Silleda.

4.- Xustificar perante o Concello de Silleda o cumprimento dos requisitos e condicións que sexan esixibles segundo a normativa aplicable, así como a realización das actividades para as que se concede a subvención.

5.- Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan requiridas polos órganos municipais.

6.- Comunicar ao Concello de Silleda a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, antes da xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

7.- Acreditar con anterioridade a ditarse a resolución de concesión que se encontra ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

8.- Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable, ou no seu caso, os estados contables que garantiren o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

9.- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de control e comprobación.

10.- Proceder ao reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

OITAVA: Xustificación:

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos na concesión da subvención documentarase a través da rendición da conta xustificativa, que constitúe un acto obrigatorio da entidade beneficiaria, no que se deben incluír, baixo a responsabilidade do declarante, os xustificantes do gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxectivo da subvención.

Esta conta xustificativa deberá recoller:

1. Facturas reglamentarias (con todos os requisitos esixidos polo R.D. 1496/2003) ou documentos do valor probatorio equivalente no tráfico mercantil.
2. Unha memoria na que se declararán as actividades realizadas que foron financiadas coa subvención, e o seu custo, co desglose de cada un dos gastos nos que incorra.
3. Certificado asinado pola persoa responsable da entidade beneficiaria de que a subvención se destinou aos mesmos fins para os que foi solicitada e concedida.
4. Certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
5. No seu caso, certificado das subvencións concedidas para a mesma finalidade.

Nesta conta xustificativa deberá quedar suficientemente acreditado que os gastos subvencionados foron efectivamente pagados pola entidade beneficiaria.

A presentación da conta xustificativa realizarase, como máximo, **antes de que finalice o mes seguinte ao da súa produción.**

NOVENA: Reintegro. Procederá o reintegro da subvención sempre que concorran as circunstancias

reguladas nos artigos 36 e seguintes da Lei xeral de subvencións.

DÉCIMA: En materia de infraccións e sancións administrativas as partes remítense ao preceptuado nos artigos 52 e seguintes da Lei Xeral de Subvencións.

DÉCIMOPRIMEIRA: O presente convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións que poidan suscitarse como consecuencia do mesmo.

Polo Concello.

A Alcaldesa-Presidenta

Asdo. Paula María Fernández Pena

Pola Entidade.

A Representante.

Asdo. Ángel Fares González

A Secretaria

Déborah García Suárez"

A tal efecto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

Primeiro.- Aprobar o Convenio de Colaboración entre o Concello de Silleda e a Asociación O Cruceiro (Comisión de Festas da Parroquia de Breixa) do ano 2025, cun importe de 400 euros, e que asinarán a alcaldesa, Paula M^a Fernández Pena, en representación do Concello, e o presidente da entidade, Ángel Fares González.

Segundo.- Dar conta do presente convenio ao departamento de Intervención.

Expediente 26/2019. SUBVENCIONES DIRECTAS OU NOMINATIVAS. Convenio con AFAPO 'Programa de Intervención integral a persoas con Alzheimer e familias cuidadoras'.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da educadora social, con data 10 de febreiro de 2025, no que se indica a necesidade de contar cunha actividade dirixida a estes doentes de cara á prevención da enfermidade e á redución do síntomas da mesma.

Visto o Proxecto da iniciativa para este ano 2025.

Vista a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Silleda.

Vista a aprobación inicial do Plan Estratéxico de Subvencións nominativas, para este ano 2025.

Visto o informe da Subvención Nominativa, con data 22 de abril de 2025.

Visto o informe de intervención, con data 23 de abril de 2025.

Visto o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Silleda e AFAPO para este ano 2025:

"CONVENIO REGULADOR

En Silleda, na data das sinaturas electrónicas.

REUNIDOS

Dunha parte, Dna. Paula Fernández Pena, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Silleda , asistido pola Secretaria Xeral do mesmo, que da fe do acto, e

*Doutra parte, D., José Manuel Fontenla Redondo, con DNI número ***510***, como representante legal da entidade Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer y otras demencias de la Pontevedra en adiante, AFAPO", con NIF número G - 36461697*

INTERVEÑEN

Dna. Paula Fernández Pena , na súa condición de Alcaldesa-Presidenta do Concello de Silleda, no exercicio das facultades de representación atribuídas de conformidade co disposto no artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

D. José Manuel Fontenla Redondo, actuando en representación de AFAPO, segundo así resulta dos seus estatutos, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

Ambas as dúas partes recoñécense reciprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

MANIFESTAN

PRIMEIRO. Que AFAPO é unha asociación sen ánimo de lucro que ten como obxecto principal prestar atención social específica ás familias e persoas que padecen Alzheimer e outras demencias.

De acordo cos seus estatutos, os fins básicos de AFAPO son, entre outros, a promoción de actuacións e programas destinados a mellorar a situación das familias e a atención ás persoas enfermas, defender os seus dereitos, reclamar das autoridades e organismos públicos a creación dunha infraestrutura de apoio e de centros específicos, desenvolver actividades de difusión e sensibilización social.

SEGUNDO. Que, dentro deses programas, conta cun programa de " Intervención integral a persoas con Alzheimer e as sus familias coidadoras", que inclúe unha serie de obradoiros que teñen como obxectivos específicos manter as capacidades mentais e funcionais o máximo tempo posible, evitar a desconexión e fortalecer as relacións sociais, facilitar un descanso ós coidadores e/ou familiares e mellorar o seu estado emocional.

TERCEIRO. Que o Concello de Silleda é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas no Concello

que teñen a necesidade de acudir a este tipo de recursos para mellorar a súa calidade de vida; recursos que constitúen un complemento dos servizos sociais dos que dispón o Concello de Silleda

CUARTO. Que de conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Legal, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar todos aqueles servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, ostentando en todo caso competencias en materia de Cultura, Deportes, Servizos Comunitarios e Sociais etc., de acordo coa definición concreta que a tal efecto realice a lexislación sectorial reguladora dos diferentes campos de actividade pública.

QUINTO. Que ademais do anterior, de conformidade co artigo 28 do mesmo texto legal, os municipios poden realizar actividades complementarias das propias doutras administracións públicas, en particular polo que se refire á cultura, á promoción da muller, á educación, á vivenda, á sanidade e á protección do medio ambiente.

SEXTO. Que a satisfacción dos intereses xerais nos campos a que anteriormente se sinalou, contribúe dunha maneira fundamental á iniciativa privada, en particular, á de aquelas entidades particulares que as súas actividades sexan de utilidade e/ou interese público ou social, e veñan a complementar os servizos prestados por esta Administración.

SÉTIMO. Que dentro das formas da actividade das administracións públicas, a de fomento das actividades dos cidadáns que son de interese público e/ou social e complementarias dos servizos municipais, é de fundamental importancia, xa que en lugar de substituír a acción libre destes, coadxuva a que o citado campo de actividade permaneza no sector privado, coa axuda e colaboración da Administración na consecución, de acordo coa filosofía orientadora do noso sistema constitucional.

OCTAVO. Que a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, atribúe competencias ós concellos nesta materia e prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoveranse mediante o outorgamento de subvencións que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, á calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrència competitiva na xestión das subvencións por razóns xustificadas de interese público poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrència pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou

calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

NOVENO. Que a entidade AFAPO, comprométese o: Desenvolvemento do Programa “Intervención Integral a Persoas con Alzheimer e familias coidadoras ” no Concello de Silleda cos obxectivos adestrar capacidades funcionais e cognitivas do enfermo.

DÉCIMO. Que AFAPO comprométese tamén a:

- 1. Aceptar ós beneficiarios (enfermos) que sexan derivados polos Servizos Sociais do Concello.*
- 2. Que as actividades sexan impartidas por técnicos especialistas na materia. A Asociación poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución do Programa suxeitándose ás condicións laborais vixentes.*
- 3. Que, no caso de ter que realizar os obradoiros de xeito telemático, enviará a través dos medios establecidos polo Concello de Silleda os exercicios individualizados para cada participante. Ademais, poñerá a disposición desta entidade un psicólogo para poder realizar terapias individuais aqueles usuarios e usuarias que o precisen.*
- 4. Cumprir, en xeral, coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.*

Por estas razóns, con fin de conseguir o citado obxectivo, ambas partes, ao amparo do disposto pola lexislación vixente, concertan este convenio de acordos cos seguintes

COMPROMISOS

PRIMEIRO. OBXECTO

O presente Convenio ten por obxecto regular o réxime das obrigas derivadas da participación municipal no financiamento do proxecto promovido pola entidade AFAPO , relativo a súa participación nas actividades sinaladas no apartado noveno e décimo do apartado anterior e o mantemento da mesma, cun custe total de 20.000,- €

SEGUNDO. COMPROMISOS MUNICIPAIS

Como colaboración na realización do citado proxecto, o Concello de Silleda comprométese, en virtude do presente convenio, a participar no financiamento cunha subvención de 20.000.- €.

En concreto, subvencionaranse 30 prazas para usuarios derivados polos Servizos Sociais seguindo o criterio de que non teñan gravemente afectada a súa capacidade motora e poidan, polo tanto, seren obxecto de estimulación.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada.

A corporación municipal comprométese asemade a aportar un local que reúna as características e autorizacións administrativas necesarias para a prestación do servizo, así como a satisfacer os importes das facturas de luz, auga, gas, teléfono fixo e internet que xere a actividade subvencionada.

Así mesmo, de ter que realizar as actividades de xeito telemática modificando a metodoloxía de execución dos obradoiros, o Concello de Silleda será o responsable de facer chegar os exercicios individualizados aos usuarios e usuarias participantes.

TERCEIRO. FORMA DE PAGO

Ao concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.

A asociación percibirá o importe da subvención concedida seguindo o calendario de pagos que figura a continuación,

CALENDARIO DE PAGOS

<i>FITO</i>	<i>DATA</i>	<i>IMPORTE</i>
<i>Inicio da actividade</i>	<i>Data da sinatura do Convenio</i>	<i>6.666,67 €</i>
<i>Realización do 50% da actividade</i>	<i>Xullo 2025</i>	<i>6.666,67 €</i>
<i>Finalización da actividade</i>	<i>Decembro 2025</i>	<i>6.666,66 €</i>

O abono dos referidos importes realizarse dentro dos 30 días posteriores ás datas reflexadas no calendario de pagos de acordo co previsto no artigo 216.4 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

De xeito excepcional poderanse realizar pagos a conta previa xustificación do gasto efectuado no xeito establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

CUARTO. OBRIGAS DO BENEFICIARIO DA SUBVENCIÓN

O beneficiario da subvención, pola súa parte, comprométese, en virtude do presente convenio, a:

- 1.- Destinar a subvención municipal á finalidade pactada.*
- 2.- A facer constar nos carteis e outros o escudo do Concello e a lenda “Subvencionada Concello de Silleda”.*
- 3.- A asumir o compromiso de levar o mantemento da entidade.*

4.- A realizar as actividades que se citan no apartado quinto.

5.- Proceder á devolución, total ou parcial da subvención, no caso de que o proxecto non se leve a efecto ou non se execute integramente, e a xustificar a aplicación da mesma nos termos previstos no compromiso sexto do presente documento.

Asemade, a entidade AFAPO, comprométese a cumprir e facer cumprir tódalas obrigas legais ó longo de tódalas fases do convenio, en particular as obrigas derivadas do procedemento de concesión e xestión, do reintegro e do control financeiro, con coñecemento e sometemento ao réxime de infraccións e sancións correspondente.

QUINTO. VIXENCIA

O prazo de duración do presente convenio será dende o inicio da execución da actividade ata o 16 de Decembro de 2025.

SEXTA. XUSTIFICACIÓN

Para xustificar o cumprimento das condicións establecidas na concesión da subvención, o beneficiario ten que aportar a seguinte documentación:

- Memoria da actividade subvencionada, especificando o grado de logro dos seus obxectivos.
- Xustificación económica consistente no balance económico da actuación subvencionada, coa desagregación de todos os gastos e ingresos xerados no marco do desenvolvemento da actividade. Os gastos teñen que acreditarse mediante facturas o outros documentos de valor probatorio equivalente. Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo a IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

A xustificación terá que ser presentada no prazo de 3 meses, a contar dende a data de finalización da actividade subvencionada.

Se por motivos excepcionais non se puidese presentar a xustificación dentro de este prazo, o beneficiario poderá solicitar a súa ampliación. Esta solicitude deberá realizarse por escrito e terá que ser presentada antes da finalización do prazo previsto no parágrafo anterior. Nesta solicitude alegaranse os motivos que impiden presentar a xustificación dentro do prazo establecido. Á vista desta solicitude, e en función dos motivos alegados, o órgano competente poderá conceder a ampliación do prazo para presentar a xustificación.

SÉTIMO. CAUSAS DE EXTINCIÓN

O presente convenio extinguirase:

- a).- Polo cumprimento íntegro do seu obxecto.
- b).- Por incumprimento de calquera das cláusulas deste Convenio.

OCTAVO. INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN

A xurisdición contenciosa será a competente para o coñecemento de calquera cuestión relacionada co presente convenio de colaboración.

NOVENO. LEXISLACIÓN APLICABLE

En todo o non previsto neste Convenio, estarase ó disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

E para que así conste, como proba de conformidade, ámbalas partes firman o presente documento por exemplar duplicado e a un solo efecto, no lugar e data sinalados no encabezamento. Dou fe.

A ALCALDESA

O BENEFICIARIO

Ante min, A SECRETARIA"

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA**:

Primeiro.- Aprobar o Convenio regulador transcrito anteriormente coa Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias da provincia de Pontevedra (AFAPO) para desenvolver ao longo do ano 2025.

Segundo.- Aprobar o abono de 20.000 € (distribuídos en tres pagos ao longo do ano, tal e como marca o convenio) á citada asociación para o desenvolvemento do programa, realizando dous primeiros aboamentos coa consideración de pagos anticipados no xeito establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Terceiro.- Dar conta desta resolución no próximo Pleno da Corporación que se celebre.

Expediente 572/2025. CONTRATACIÓN. MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN MANDUAS, SILLEDA.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vistos que distintos camiños municipais da parroquia de **MANDUAS** sofren un deterioro de relevancia tal que xustifican a necesidade de levar a cabo as accións que se determinan no proxecto redactado por Don Emilio Quintáns Pérez.

Visto que para tal fin foi redactado o proxecto técnico correspondente, polo enxeñeiro D. Emilio Quintáns Pérez, con data de 28 de marzo de 2025, e cun presuposto base de licitación de **30.248,71 €**.

Visto que consta no expediente o informe sobre as autorizacións sectoriais necesarias para a

execución das obras.

Visto o informe no que se establece que a obra non afecta á estabilidade, seguridade e estanqueidade da obra, e que o orzamento base de licitación do contrato de obras non é igual ou superior a 500.000 euros, IVE excluído, non resulta necesaria a supervisión do proxecto de conformidade co disposto no artigo 235 do LCSP.

Visto que consta no expediente a acta de trazado previo, cumpríndose os requisitos establecidos pola normativa vixente.

Visto que , en consecuencia, pode procederse a iniciar o correspondente expediente de contratación para a execución das obras conforme á normativa de contratación do sector público.

A tal efecto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o inicio do expediente de contratación da obra denominada " MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN MANDUAS , SILLEDA ", conforme ao proxecto redactado por D. Emilio Quintáns Pérez.

SEGUNDO.- Ordenar que se redacten os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.

TERCEIRO.- Solicitar á Secretaría municipal que proceda a emitir informe xurídico preceptivo relativo a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares, de conformidade co artigo 122.7 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e da Disposición Adicional Terceira da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público

CUARTO.- Solicitar á Intervención municipal que se proceda á fiscalización do contido de ditos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, aos efectos previstos no apartado 3 da Disposición Adicional Terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

EXPEDIENTE 605/2025. CONTRATACIÓNS. MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN ABADES, SILLEDA.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vistos que distintos camiños municipais da parroquia de **ABADES** sofren un deterioro de relevancia tal que xustifican a necesidade de levar a cabo as accións que se determinan no proxecto redactado por D. Emilio Quintáns Pérez.

Visto que para tal fin foi redactado o proxecto técnico correspondente, polo enxeñeiro D. Emilio Quintáns Pérez, con data de 4 de abril de 2025, e cun presuposto base de licitación de 58.019,10

€.

Visto que consta no expediente o informe sobre as autorizacións sectoriais necesarias para a execución das obras.

Visto o informe no que se establece que a obra non afecta á estabilidade, seguridade e estanqueidade da obra.

Visto que o orzamento base de licitación do contrato de obras non é igual ou superior a 500.000 euros, IVE excluído, non resulta necesaria a supervisión do proxecto de conformidade co disposto no artigo 235 do LCSP.

Visto que consta no expediente a acta de trazado previo, cumpríndose os requisitos establecidos pola normativa vixente.

Visto que, en consecuencia, pode procederse a iniciar o correspondente expediente de contratación para a execución das obras conforme á normativa de contratación do sector público.

A tal efecto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o inicio do expediente de contratación da obra denominada " MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN ABADES, SILLEDA ", conforme ao proxecto redactado por D. Emilio Quintáns Pérez

SEGUNDO.- Ordenar que se redacten os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.

TERCEIRO.- Solicitar á Secretaría municipal que proceda a emitir informe xurídico preceptivo relativo a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares, de conformidade co artigo 122.7 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e da Disposición Adicional Terceira da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

CUARTO.- Solicitar á Intervención municipal que se proceda á fiscalización do contido de ditos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, aos efectos previstos no apartado 3 da Disposición Adicional Terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

EXPEDIENTE 606/2025. CONTRATACIÓNS. MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN PIÑEIRO, SILLEDA.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vistos que distintos camiños municipais da parroquia de **Piñeiro** , sofren un deterioro de

relevancia tal que xustifican a necesidade de levar a cabo as accións que se determinan no proxecto redactado por Don Emilio Quintans Pérez.

Visto que para tal fin foi redactado o proxecto técnico correspondente, polo enxeñeiro D. Emilio Quintans Pérez e cun presuposto base de licitación de 117.961,07 €.

Visto que consta no expediente o informe sobre as autorizacións sectoriais necesarias para a execución das obras.

Visto o informe no que se establece que a obra non afecta á estabilidade, seguridade e estanqueidade da obra, e que a o orzamento base de licitación do contrato de obras non é igual ou superior a 500.000 euros, IVE excluído, non resulta necesaria a supervisión do proxecto de conformidade co disposto no artigo 235 do LCSP.

Visto que consta no expediente a acta de trazado previo, cumpríndose os requisitos establecidos pola normativa vixente.

Visto que , en consecuencia, pode procederse a iniciar o correspondente expediente de contratación para a execución das obras conforme á normativa de contratación do sector público.

A tal efecto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o inicio do expediente de contratación da obra denominada " MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN PIÑEIRO , SILLEDA ", conforme ao proxecto redactado por D. Emilio Quintans Pérez.

SEGUNDO.- Ordenar que se redacten os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.

TERCEIRO.- Solicitar á Secretaría municipal que proceda a emitir informe xurídico preceptivo relativo a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares, de conformidade co artigo 122.7 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e da Disposición Adicional Terceira da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

CUARTO.- Solicitar á Intervención municipal que se proceda á fiscalización do contido de ditos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, aos efectos previstos no apartado 3 da Disposición Adicional Terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Expediente 453/2025. Licenza ou Autorización Urbanística. SEGREGACIÓN PARCELA MUNICIPAL NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SILLEDA.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

1º.-Consta no expediente 1824/2024 que o día 11 de decembro de 2024, Dna. Paula María Fernández Pena, Alcaldesa do Concello de Silleda, asina providencia de inicio para un contrato menor de servizos, na que fai constar o seguinte:

“
...

Visto que é necesario realizar unha segregación no polígono industrial de Silleda, das parcelas correspondentes ás seguintes referencias catastrais: 36052A04901013 e 36052A04900544

Visto que os traballos básicos necesarios a realizar para acometer a antedita segregación serán: Levantamento topográfico planimétrico das parcelas, Proxecto de segregación das parcelas indicadas e adecuación dos resultados ao PXOM vixente no Municipio de Silleda, Representación Gráfica Alternativa e Validación Gráfica tanto das parcelas netas como das cesións

...”

2º.- Consta no expediente antedito, que se solicitou oferta para ditos traballos a 3 empresas, sendo a única mercantil que presentou oferta GEOMATI-K, INGENIERIA, polo que resultou adxudicataria dos traballos.

3º.- Consta no expediente que o día 17 de marzo de 2025 (registro de entrada neste Concello nº 2025-E-RE-439), o representante de GEOMATI-K, INGENIERIA achega ao expediente o seguinte documento:

- “*Proyecto técnico de segregación de parcela 36052A04900544, Rúa Vial 4 , P.I. Área 33 Silleda*”, elaborado por GEOMATI-K INGENIERIA, e asinado dixitalmente por D. Rubén Cifrián Touriño (Ingeniero en Geomática y Topografía) o 17 de marzo de 2025.

4º.- Trasládase copia do proxecto e dase apertura a novo expediente con nº 453/2025 que recollera a actuación urbanística da segregación en sí. O 24 de abril de 2025, Dna. Paula María Fernández Pena, Alcaldesa do Concello de Silleda, asina providencia de inicio para “SEGREGACIÓN E POSTERIOR ENAXENACIÓN DUNHA PARCELA MUNICIPAL NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SILLEDA”, na que dispón o seguinte:

“*PRIMEIRO.-O inicio do expediente administrativo para a segregación da parcela municipal situada no Polígono Industrial de Silleda e a posterior enaxenación do LOTE 1.*

SEGUNDO.-Solicitar informe ós servizos técnicos e xurídicos pertinentes.

...”

5º.- Consta no expediente **informe favorable** para a **segregación na parcela catastral 36052A049005440000KS** segundo o contemplado no “**Proyecto técnico de segregación de parcela 36052A04900544, Rúa Vial 4 , P.I. Área 33 Silleda**”, elaborado por GEOMATI-K INGENIERIA, e asinado dixitalmente por D. Rubén Cifrián Touriño (Ingeniero en Geomática y Topografía) o 17 de marzo de 2025, asinado polo arquitecto técnico municipal, Elías González Roma, de data 24 de abril de 2025.

O informe favorable do arquitecto técnico recolle o seguinte:

“Elías González Roma, arquitecto técnico municipal do Concello de Silleda (Pontevedra), vista a documentación que integra a actuación urbanística recollida no expediente nº453/2025, así como no expediente relacionado nº1824/2024; informo:

ANTECEDENTES E DOCUMENTACIÓN:

1. O día 11/12/2024, Dña. Paula María Fernández Pena, Alcaldesa do Concello de Silleda, asina providencia de inicio para un contrato menor de servizos, na que fai constar o seguinte:

“
...

Visto que é necesario realizar unha segregación no polígono industrial de Silleda, das parcelas correspondentes ás seguintes referencias catastrais: 36052A04901013 e 36052A04900544

Visto que os traballos básicos necesarios a realizar para acometer a antedita segregación serán: Levantamento topográfico planimétrico das parcelas, Proxecto de segregación das parcelas indicadas e adecuación dos resultados ao PXOM vixente no Municipio de Silleda, Representación Gráfica Alternativa e Validación Gráfica tanto das parcelas netas como das cesións

...”

2. Segundo consta no expediente, solicitouse oferta para ditos traballos a 3 empresas, sendo a única empresa que presentou oferta GEOMATI-K, INGENIERIA, polo que resultou adxudicataria dos traballos.

3. O día 17/03/2025 (registro de entrada 2025-E-RE-439), o representante de GEOMATI-K, INGENIERIA achega ao expediente o seguinte documento:

- “Proyecto técnico de segregación de parcela 36052A04900544, Rúa Vial 4 , P.I. Área 33 Silleda”, elaborado por GEOMATI-K INGENIERIA, e asinado dixitalmente por D. Rubén Cifrián Touriño (Ingeniero en Geomática y Topografía) o 17 de marzo de 2025.

4. O día 24/04/2025, Dña. Paula María Fernández Pena, Alcaldesa do Concello de Silleda, asina providencia de inicio para “SEGREGACIÓN E POSTERIOR ENAXENACIÓN DUNHA PARCELA MUNICIPAL NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SILLEDA”, na que dispón o seguinte:

“PRIMEIRO.-O inicio do expediente administrativo para a segregación da parcela municipal situada no Polígono Industrial de Silleda e a posterior enaxenación do LOTE 1.

SEGUNDO.-Solicitar informe ós servizos técnicos e xurídicos pertinentes.

...”

INFORME TECNICO:

1. Normativa de aplicación:

- **Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda (PXOM en adiante)**, aprobado definitivamente mediante Orde do 23 de decembro de 2022 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (DOG núm. 14, do 20 de xaneiro de 2023), con publicación normativa o 08 de maio do 2023 (BOP

núm. 87, do 08 de maio de 2023).

- **Lei 2/2016**, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG.

- **Decreto 143/2016**, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG.

- **Decreto 83/2018**, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia, en adiante PBA.

2. Réxime urbanístico das parcelas de orixe :

O solo onde se pretende a actuación contida no proxecto de referencia, está clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda como **solo urbano consolidado**, **solo rústico común** e **solo rústico de especial protección**, nas seguintes categorías:

- Solo rústico de protección das augas
- Solo rústico de protección de infraestruturas

O concello de Silleda conta cun PXOM aprobado provisionalmente o 18/03/2016 e definitivamente o 23/12/2022, con entrada en vigor o 8 de maio de 2023, polo que é de aplicación a disposición transitoria 2ª da LSG e o punto 1.a) e 1.d) da disposición transitoria 1ª da LSG. En consecuencia:

- a) Ao solo urbano, aplicaráselle integramente o disposto no plan respectivo.
- d) Ao solo rústico se lle aplicará o disposto na LSG para o solo rústico.

O Plan Básico Autonómico, aprobado definitivamente o 26 de xullo de 2018, establece para a zona de actuación contida no proxecto de referencia as seguintes afeccións:

Afección	Figura
Augas de Galicia	Zona de Policía de Augas
Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible	Estrada N-525

No que se refire as afeccións sectoriais, a zona a segregar na parcela catastral de orixe está dentro do límite do solo urbano, e fora das zonas de afección anteriormente mencionadas, polo que se considera que non son necesarias autorizacións debido a estas afeccións.

3. Réxime urbanístico dos lotes resultantes :

En cumprimento do artigo 150.2 da LSG, procédese á comprobación do cumprimento dos parámetros urbanísticos dos lotes resultantes, co obxecto de comprobar a viabilidade da segregación proposta:

Lote nº1: PARÁMETROS URBANÍSTICOS					
CLASIFICACIÓN DO SOLO			Solo urbano consolidado		
ORDENANZA DE APLICACIÓN			Ordenanza 5 (O-5). Edificación de uso terciario/industrial. Grao 5.2		
PARÁMETROS URBANÍSTICOS			Regulamento para a Ordenanza 5. Grao 5.2 (art. 306 e 308 do PXOM de Silleda)	Proxecto	Cumprimento / observacións
Parámetros	Condicións	Parcela mínima:	600 m²	991 m²	Cumpre

da edificación	da parcela	Fronte mínima:	12 m	25,13 m	Cumpre
	Condições de posición e volume	Retranqueos:	Segundo artigo 308 do PXOM	Non existen edificacións	Cumpre
		Ocupación máxima:	70 %	0 % Non existen edificacións	Cumpre
		Edificabilidade máxima:	1 m ² /m ²	0 m ² Non existen edificacións	Cumpre

O lote nº2 corresponde coa cesión na parcela catastral de orixe para manter a aliñación frontal contemplada no plano V.06 ORDENACIÓN DISTRITO 1: POLIGONO INDUSTRIAL.

A superficie neta da cesión son 73 m², a cal se deberá incorporar o sistema xeral viario do Polígono Industrial Área 33.

O lote nº3 corresponde coa superficie restante da parcela catastral de orixe, a cal presenta varias clasificacións segundo a zona. No caso que se realicen novas segregacións sobre a mesma, as parcelas resultantes deberán cumprir o planeamento e normativa urbanística aplicable.

4. Control documental :

O artigo 355 do RLSC, regula o contido mínimo que deberán ter os proxectos de parcelación, os cales deberán estar subscritos por técnico competente:

Contido mínimo do Proxecto de Parcelación		
Art. 355 do RLSC: Supostos específicos (Licencia de parcelación)	Proxecto	Cumprimento / observacións
2.a) Memoria xustificativa, que comprenderá a finalidade ou uso a que se pretendan destinar os lotes propostos e a súa adecuación ao planeamento urbanístico aplicable.	PRESENTA	
2.b) Proforma do documento público ou privado no que se reflicta a división de terreos ou a operación xurídica asimilada que se solicite.	NON PRESENTA	
2.c) Plano da situación da finca que se pretenda dividir, con indicación da súa referencia rexistral e catastral.	PRESENTA	
2.d) Plano parcelario da finca mencionada, a escala idónea e con base cartográfica topográfica, representativo dos lotes propostos.	PRESENTA	
2.e) Superposición do plano parcelario sobre un plano de calificacións urbanísticas.	PRESENTA	
2.f) Fichas descritivas dos lotes resultantes, incluídas as relativas aos terreos destinados a sistemas urbanísticos que se teñan que ceder, se procede. As fichas terán que especificar os límites, a cabida e a calificación urbanística de cada lote, así como a súa calidade de indivisible, se procede.	PRESENTA	

5. Finalidade do proxecto:

A actuación pretendida correspóndense coa segregación dunha parcela municipal situada no Polígono Industrial de Silleda para a posterior enaxenación do LOTE 1.


6. Conclusión:

Á vista da documentación presentada, e no que se refire ao cumprimento dos aspectos urbanísticos obxecto de control municipal para a aprobación da segregación, e sen prexuízo doutros informes que


procedan, **INFÓRMASE FAVORABLEMENTE** o presente expediente para a **segregación na parcela catastral 36052A049005440000KS** segundo o contemplado no “Proyecto técnico de segregación de parcela 36052A04900544, Rúa Vial 4 , P.I. Área 33 Silleda”, elaborado por GEOMATI-K INGENIERIA, e asinado dixitalmente por D. Rubén Cifrián Touriño (Ingeniero en Geomática y Topografía) o 17 de marzo de 2025.


Ademais consígnanse os seguintes aspectos para que a resolución na que se aprobe a segregación os conteña:

ASPECTO		ACTUACIÓN DE REFERENCIA
Clasificación urbanística do solo		Lote nº1: Solo urbano Lote nº2: Solo urbano Lote nº3: Solo Rústico + Solo urbano
Cualificación urbanística do solo		Lote nº1: Solo urbano consolidado. Ordenanza 5. Grao 5.2 Lote nº2: Solo urbano consolidado. Cesión a sistema xeral viario do Polígono Industrial Área 33. Lote nº3. Superficie restante en parcela orixe: Solo rústico común Solo rústico de especial protección Solo urbano consolidado. Ordenanza 5 Grao 5.2
Finalidade da actuación e uso o que se destinará		Finalidade: Segregación dunha parcela municipal situada no Polígono Industrial de Silleda para a posterior enaxenación do LOTE 1.
Altura, volume e ocupación de parcela permitidos		Parámetros urbanísticos xa relacionados no cadro do apartado 3 do informe.
Orzamento de execución material		Non procede
Referencia catastral		Parcela orixe: 36052A049005440000KS
Referencia rexistral		Parcela orixe: Rexistro da propiedade de Lalín al tomo 698, libro 197, folio 94, Finca 34032.
Nome do promotor		Concello de Silleda
Técnicos	Autor do Proxecto	D. Rubén Cifrián Touriño
	Director de Obra	Non procede
	Director de execución	Non procede
	Coordinador de seguridade e saúde	Non procede
Prazos das obras	Inicio	Non procede
	Remate	Non procede
	Posibilidade de prórroga	Non procede



Axuntase unha copia certificada do plano parcelario correspondente e das fichas descritivas dos lotes resultantes, os cales se axuntan a continuación:





FICHAS DESCRIPTIVAS:

LOTE N.º 1

- Parcela en suelo Urbano consolidado en Polígono Industrial Área 33, Ordenanza O5 Grado 5.2
- Superficie neta: 991 m²
- Alineaciones de cierre parcela: No exige retranqueo.
- El acceso a la parcela se realizará a través del vial existente.
- Fachada de parcela hacia vial Este 25.13 M
- Linderos:

NORTE: Parcela con RC: 36052A04900541 y LOTE N.º 3

SUR: LOTE N.º 3

ESTE: LOTE N.º 2

OESTE: LOTE N.º 3

LOTE N.º 2

- Cesión de Parcela en Suelo Urbano consolidado en Polígono Industrial del Área 33, Ordenanza O5 Grado 5.2

- Superficie neta: 73 m²

- Linderos:

NORTE: Parcela 36052A04900541

SUR: vial público

ESTE: vial público

OESTE: LOTE N.º 3 Y LOTE N.º 1

La parcela se cederá a sistema viario del Concello de Silleda

LOTE N.º 3

- Parcela con varias clasificaciones según zona:

Suelo urbano consolidado en Polígono Industrial del Área 33, Ordenanza O5 Grado 5.2

Suelo rústico común

Suelo rústico de protección de las aguas

- Suelo rústico de protección de infraestructuras

- Suelo rústico de protección de infraestructuras

- Superficie neta: 15766 m² donde 1597 m² corresponden a Suelo urbano consolidado en Polígono Industrial Área 33, y 14169 m² a suelo rústico.

- Fachada de parcela hacia vial Este 116.72 m y al vial Norte 102.04 m y Oeste 17.41 m

- Linderos

NORTE: Vial 1

SUR: Parcelas catastrales 36052A04900319 – 36052A04900320 y 36052A04900324

ESTE: Vial 4 LOTE N.º 1 LOTE N.º 2 parcelas catastrales 36052A04900541 – 36052A04900540 – 36052A04900539 - 36052A04900542

OESTE: 36052A04900453 – 36052K50700678 - vial público – 36052A04909001

El uso será según el correspondiente en cada zona (industrial/terciario o rústico según corresponda)

7. Observación:

O lote nº3 corresponde coa superficie restante da parcela catastral de orixe, a cal presenta varias clasificacións segundo a zona. No caso que se realicen novas segregacións sobre a mesma, as parcelas resultantes deberán cumprir o planeamento e normativa urbanística aplicable.

O que se informa desde o punto de vista técnico ao leal saber e entender do arquitecto técnico que subscribe, sen prexuízo doutro criterio mellor fundamentado.

Documento asinado por Elías González Roma, en Silleda, na data da sinatura electrónica.”

6º.- Consta no expediente informe xurídico asinado o 25 de abril de 2025.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.-LICENZAS URBANÍSTICAS

Pódese definir o termo licenza urbanística como un acto administrativo de autorización ou declarativo de dereitos, de natureza regrada, mediante o cal a Administración leva a cabo un control preventivo sobre a actividade dos administrados para asegurar que a actuación proxectada

se axusta á ordenación urbanística.

As licenzas otórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico e **sempre deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.**

A denegación das licenzas urbanísticas deberá ser motivada, con explícita referencia ás normas ou determinación do planeamento urbanístico que se incumplan no proxecto para o que se solicita.

Así o establecen os artigos 142, 143 e 144 da Lei 2/2016 LSG e arts.348 e ss do RLSG.

SEGUNDO.-OBXECTO DA LICENZA URBANÍSTICA

O artigo 142 da LSG recolle as **Licenzas urbanísticas e comunicacións previas:**

1. A licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

2. Estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, os seguintes actos:

a) Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.

b) As intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.

c) As demolicións, agás as derivadas de resolucións de expedientes de restauración da legalidade urbanística.

d) Os muros de contención de terras, segundo se estableza regulamentariamente.

e) Os grandes movementos de terras e as explanacións.

f) As parcelacións, segregacións ou outros actos de división de terreos en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de reparcelación.

g) A primeira ocupación dos edificios.

h) A implantación de calquera instalación de uso residencial, xa sexa provisional ou permanente

i) A corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando a dita corta derive da lexislación de protección do dominio público.

3. Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis.

Compre destacar que a Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia regula no artigo 149 a "División e segregación de predios en solo rústico", de maneira que no solo rústico non se

poderán realizar segregacións, agás no suposto de execución de infraestruturas e dotacións e no caso de parcelas vinculadas a instalacións ou explotacións que fosen declaradas de utilidade pública e beneficiarias de expedientes de expropiación.

Non obstante, permítense segregacións coa finalidade de reorganizar a propiedade, sempre e cando non resulte un maior número de parcelas respecto do orixinariamente existente.

Ademáis o artigo 150 do mesmo precepto legal regula o “Réxime de parcelacións e divisións de terreos” da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, no apartado sexto establece que, **toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita a licenza municipal, AGÁS QUE O CONCELLO DECLARE A SÚA INNECESARIEDADE.**

O Artigo 147 da LSG, recolle os **ACTOS PROMOVIDOS POLAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS.**

“1. Os actos relacionados no artigo 142 que promovan órganos das administracións públicas ou de dereito público estarán suxeitos a control municipal por medio da obtención de licenza municipal ou comunicación previa, salvo os supostos exceptuados pola lexislación aplicable.

2. As obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto previa acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do plan en vigor.”

No mesmo sentido se pronuncia o artigo 365 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

O expediente que nos ocupa é un **ACTO PROMOVIDO POLA PROPIA ADMINISTRACIÓN** e débese apuntar que a xurisprudencia veu sinalando que, **O PROPIO AXUSTE E SEGUIMENTO Á NORMATIVA POR PARTE DO CONCELLO EXÍMELLE DE OUTORGARSE A SI MESMO TÍTULO HABILITANTE, AÍNDA QUE, DEBE EN TODO MOMENTO SEGUIR O PROCEDEMENTO LEGALMENTE ESTABLECIDO E CUMPRIR TODOS E CADA UN DOS REQUISITOS.** Así pódense citar diferentes sentenzas como:

- STSJ da Comunidade Valenciana de data 21 de xullo de 2006:

«No obstante, en el caso sometido a consulta hay que tener en cuenta que la edificación es de titularidad municipal, aunque tal obra la haya ejecutado un contratista, y que, de igual modo, también lo es el servicio que se presta, aunque éste se desarrolle indirectamente a través de un concesionario. En esta situación el otorgamiento de las licencias urbanísticas y de actividad se consideran innecesarias, ya que «cuando tales proyectos son realizados por el propio Ayuntamiento o en la forma indirecta que supone la intervención de un concesionario que lleve a cabo materialmente la obra, es lógico deducir que tal necesidad objetiva de licencia, plasmada formalmente en la correspondiente autorización resulta innecesaria, al ser el propio órgano competente para controlar el ajuste de la obra a la normativa urbanística vigente bien el autor del

correspondiente proyecto a finalizar, lo que por sí mismo conlleva esa autorización, o bien quien tiene que dar su aprobación al proyecto a cuyo tenor ha de llevarse a cabo, con lo que controla su ajuste a la legalidad, no habiendo por ello razón para que en un momento ulterior tenga que volver a realizar ese control».

- STS de data 27.10.1980:

«Si bien es cierto que el requisito de la previa obtención de licencia para el ejercicio de actividades solo afecta a los administrados, únicos sujetos sometidos a la acción de intervención de la administración actuante, también lo es, sin embargo, que ello no puede suponer en absoluto que dicha administración quede relevada del cumplimiento de los requisitos que los demás sujetos deben cumplir para obtener la licencia, lo que supone que, a falta de procedimiento más específico, las normas de trámite previstas para el otorgamiento de licencias a particulares o a otra Administración Pública deben ser observadas por el propio Ayuntamiento, no solamente para garantizar la efectividad de las competencias concurrentes en la materia, sino también para hacer posible que, en aras de un inexcusable principio de igualdad ante la ley, la legalidad de las obras municipales, desde el punto de vista del cumplimiento de los requisitos afectantes a la actividad, sea examinada por los organismos competentes y especialmente por el propio Ayuntamiento, con idéntico rigor en presencia de idénticos antecedentes técnicos y jurídicos que cuando se trata de fiscalizar la actividad de los administrados, lo que exige una idéntica sustanciación del procedimiento, aún cuando el mismo no se resuelva con el otorgamiento de una licencia».

– STS de data 3.03.2004:

«b.— El hecho de que en este caso de autos se tenga que obviar, formalmente, el trámite de la solicitud y/o de la concesión de la licencia municipal no significa por parte de la Administración una dejación de sus funciones a la hora de controlar los correspondientes proyectos, pues el Ayuntamiento realiza tal control cuando examina en su integridad la adecuación del proyecto al ordenamiento jurídico, y es, por eso, que en dichos supuestos el acuerdo municipal de aprobación de los proyectos sustituye la necesidad de otorgar licencia.

En efecto, en el caso aquí analizado, la concesionaria venía obligada, como así hizo, a presentar un proyecto básico que incluyera esquemas de circulación, planos generales, planos de instalaciones, detalles de obras de acceso, ventilación, saneamiento, etc. (cláusula decimotercera), y, en tal momento, es cuando se produjo la actividad de control de aquél por parte del Ayuntamiento para comprobar si se ajustaba a las determinaciones urbanísticas, constructivas y legales (actividad de control que constituye el sustrato de la autorización o licencia de obras).

*No es correcto, pues, que se arguya, como hace la recurrente, que la inexigibilidad de licencia aparece expresamente pactada en el Pliego de Condiciones, porque la exigibilidad es una determinación de orden público normativo y que no puede quedar, por tanto, al arbitrio de los deseos de nadie, si bien debe aclararse que, en razón a las circunstancias concurrentes, **la actividad de control del proyecto y el consiguiente levantamiento de las trabas legales para***

que se pueda construir el aparcamiento (finalidad última de la autorización) se manifiesta aquí, no en forma de «licencia», sino de «aprobación del proyecto presentado»».

Estas sentencias defienden la no necesariedad de las licencias (tanto urbanística como de actividad), ya que el control se produce por un proceso interno del propio Ayuntamiento, en el cual se comprueba el ajuste a la **legalidad del proyecto sin necesidad de utilizar la tramitación «ad extra»** de la actuación.

Pero esta «innecesariedad» de la licencia como acto administrativo reglado expreso, no exime al Ente Local de seguir toda la tramitación del procedimiento oportuno, en el cual pueden intervenir otros organismos competentes.

Do anterior, parece que queda claro que os Concellos non están obrigados a expedir licenzas das actuacións promovidas por eles mesmos, xa inflúan sobre as mesmas só as súas competencias propias ou mesmo competencias alleas. Pero iso non lle exime de seguir todos e cada un dos pasos procedementais na tramitación destes actos regrados.

TERCEIRO.- PROCEDEMENTO DE OUTORGAMENTO DE LICENZAS (artigo 143 LSG e 352 e seguintes do Decreto 143/2016)

1. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos. En ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

2. A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

3. Ás solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, respondendo o seu autor da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados no mesmo.

Con todo, as disposicións previstas no citado precepto desenvólvense nos artigos 352 a 359 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia, onde se describe de forma máis detallada o procedemento a seguir para a concesión de licenzas esixindo a emisión dos correspondentes informes técnico e xurídico con carácter previo á resolución do expediente de referencia; informes que deberán versar sobre a adecuación do acto

pretendido ás previsións da lexislación e da ordenación territorial e urbanística de aplicación, así como ao planeamento vixente.

Xunto aos anteriores extremos destaca igualmente:

- A determinación legal do prazo, de 3 meses, no que terá que resolverse o citado procedemento con aplicación dun silencio administrativo positivo tan só naqueles supostos nos que o solicitado non resulte contrario á normativa ou ao plan urbanístico de aplicación. Previsión a citada que debe tomarse en consideración sen obviar as previsións do art. 114 do Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana.
- A previsión legal expresa, a través do artigo 145 da Lei de aplicación, de que o propio acto de outorgamento da licenza deberá concretar os prazos de caducidade daquela por causa de demora no comezo, interrupción ou fin das obras, así como a concreción, dun prazo por defecto para o inicio e o remate das obras (seis meses no primeiro caso e tres anos no segundo).

CUARTO.- Especial fincapé fai a normativa urbanística a respecto da prelación entre as licencias urbanísticas e outros títulos ou licencias administrativas necesarias en función da actividade que se pretenda levar a cabo na obra proxectada, determinando que:

- 1.- A **falta de autorización ou concesión demanial** ou a súa denegación cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo se pretendan levar a cabo en terreos de dominio público, impedirá a concesión da licenza urbanística correspondente.
- 2.- Cando na obra proxectada se previse o **desenrolo dunha actividade**, será preciso concretar tal circunstancia de maneira expresa con motivo da presentación da solicitude de licenza de obras, poñer en coñecemento da Administración municipal os datos que identifican da mesma actividade e achegar, tamén coa solicitude de licenza, a documentación prevista no artigo 24 da Lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia así como a contida no art. 364 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.
- 3.- No caso de que os actos de edificación ou uso do solo e do subsolo requiran **previa avaliación de impacto ambiental**, non poderá outorgarse licenza municipal con anterioridade á citada declaración de impacto polo órgano ambiental competente ou cando a mesma resultase negativa.
- 4.- **Non poderá outorgarse licenza sen o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas**, cando fosen procedentes de acordo co disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia ou o seu Regulamento de Desenvolvemento; en particular, determina o art. 356 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, no solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á **obtención** do título habilitante municipal, de conformidade co previsto nos artigos 36.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e 51.2 do mesmo regulamento.


Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldía na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar a **INNECESARIEDADE DA LICENZA** ó tratarse dun acto promovido pola propia Administración Local.


SEGUNDO.- Aprobar a **segregación na parcela catastral 36052A049005440000KS** segundo o contemplado no “**Proyecto técnico de segregación de parcela 36052A04900544, Rúa Vial 4 , P.I. Área 33 Silleda**”, elaborado por **GEOMATI-K INGENIERIA**, e asinado dixitalmente por **D. Rubén Cifrián Touriño** (Ingeniero en Geomática y Topografía) o 17 de marzo de 2025.

TERCEIRO.- Consígnanse os seguintes aspectos a ter en conta:

ASPECTO		ACTUACIÓN DE REFERENCIA
Clasificación urbanística do solo		Lote nº1: Solo urbano Lote nº2: Solo urbano Lote nº3: Solo Rústico + Solo urbano
Cualificación urbanística do solo		Lote nº1: Solo urbano consolidado. Ordenanza 5. Grao 5.2 Lote nº2: Solo urbano consolidado. Cesión a sistema xeral viario do Polígono Industrial Área 33. Lote nº3. Superficie restante en parcela orixe: Solo rústico común Solo rústico de especial protección Solo urbano consolidado. Ordenanza 5 Grao 5.2
Finalidade da actuación e uso o que se destinará		Finalidade: Segregación dunha parcela municipal situada no Polígono Industrial de Silleda para a posterior enaxenación do LOTE 1.
Altura, volume e ocupación de parcela permitidos		Parámetros urbanísticos xa relacionados no cadro do apartado 3 do informe.
Orzamento de execución material		Non procede
Referencia catastral		Parcela orixe: 36052A049005440000KS
Referencia rexistral		Parcela orixe: Rexistro da propiedade de Lalín al tomo 698, libro 197, folio 94, Finca 34032.
Nome do promotor		Concello de Silleda
Técnicos	Autor do Proxecto	D. Rubén Cifrián Touriño
	Director de Obra	Non procede
	Director de execución	Non procede
	Coordinador de seguridade e saúde	Non procede
Prazos das obras	Inicio	Non procede
	Remate	Non procede
	Posibilidade de prórroga	Non procede



Axuntase unha copia certificada do plano parcelario correspondente e das fichas descritivas dos lotes resultantes, os cales se axuntan a continuación:



LOTE N.º 1

- Parcela en suelo Urbano consolidado en Polígono Industrial Área 33, Ordenanza O5 Grado 5.2
- Superficie neta: 991 m²
- Alineaciones de cierre parcela: No exige retranqueo.
- El acceso a la parcela se realizará a través del vial existente.
- Fachada de parcela hacia vial Este 25.13 M
- Linderos:

NORTE: Parcela con RC: 36052A04900541 y LOTE N.º 3
SUR: LOTE N.º 3
ESTE: LOTE N.º 2
OESTE: LOTE N.º 3

LOTE N.º 2

- Cesión de Parcela en Suelo Urbano consolidado en Polígono Industrial del Área 33, Ordenanza O5 Grado 5.2
- Superficie neta: 73 m²
- Linderos:
 - NORTE: Parcela 36052A04900541
 - SUR: vial público
 - ESTE: vial público
 - OESTE: LOTE N.º 3 Y LOTE N.º 1

La parcela se cederá a sistema viario del Concello de Silleda

LOTE N.º 3

- Parcela con varias clasificaciones según zona:
 - Suelo urbano consolidado en Polígono Industrial del Área 33, Ordenanza O5 Grado 5.2
 - Suelo rústico común
 - Suelo rústico de protección de las aguas
- Suelo rústico de protección de infraestructuras
- Suelo rústico de protección de infraestructuras
 - Superficie neta: 15766 m² donde 1597 m² corresponden a Suelo urbano consolidado en Polígono Industrial Área 33, y 14169 m² a suelo rústico.
 - Fachada de parcela hacia vial Este 116.72 m y al vial Norte 102.04 m y Oeste 17.41 m
- Linderos
 - NORTE: Vial 1
 - SUR: Parcelas catastrales 36052A04900319 – 36052A04900320 y 36052A04900324
 - ESTE: Vial 4 LOTE N.º 1 LOTE N.º 2 parcelas catastrales 36052A04900541 – 36052A04900540 – 36052A04900539 - 36052A04900542
 - OESTE: 36052A04900453 – 36052K50700678 - vial público – 36052A04909001

El uso será según el correspondiente en cada zona (industrial/terciario o rústico según corresponda)

CUARTO.- Elevar a escritura pública e proceder á inscrición no Rexistro da Propiedade da actuación referida.

Expediente 118/2021. Contratacións. REVISIÓN DE PREZOS PREVISTA NOS PREGOS DO CONTRATO DE SERVICIOS DENOMINADO “SERVIZO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E XESTIÓN DO PUNTO LIMPO”

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

